

X21  22

EXPOSICIÓN MOCOLINA JUNTA

ANDAR
CON ARTE



XUNTA
DE GALICIA

Inscripción previa no web
monumentagalicia.com

Información

festivalmonumenta@gmail.com

Edita e promove

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura,
Educación e Universidade

Coordina

Sinsalaudio

Deseño

Laboratorio NUMAX

Imprime

Ezponda

Depósito legal

C1295-2021

Coa colaboración dos concellos de

Pontedeume, Congosto, Pedrafita
do Cebreiro, O Saviñao, Oímbra, Ribas
de Sil, San Cristovo de Cea, Vimianzo,
Boborás, Silleda, Ponteareas, O Corgo,
Cerdedo, Cotobade e Ribeira



www.cultura.gal
monumentagalicia.com

Monumenta, andar con arte é un programa de actividades culturais que se desenvolve arredor da acción de «camiñar» e da experiencia do percorrido como a mellor e máis antiga das maneiras de explorar e de vivir o territorio.

Con este ciclo de xestión e divulgación do patrimonio, queremos abordar as prácticas culturais contemporáneas nun contexto social complexo debido a factores dinámicos como a tecnoloxía e, por suposto, as consecuencias actuais derivadas da crise da Covid-19 e a preocupación ambiental.

Monumenta, andar con arte aposta pola reapropiación do patrimonio desde as comunidades locais para que a socialización deste sexa real e xere procesos de identificación emocional. Por iso, unha das características de *Monumenta, andar con arte* é a idea de experiencia circular da cultura, incorporando conceptos de participación transversal.

Nesta edición de 2021, en 14 roteiros dedicados á celebración do Xacobeo 2021-2022, continuamos coas prácticas que identifican este ciclo entre os seus seguidores: visitas ao patrimonio monumental ou etnográfico; divulgación dos elementos físicos e ambientais do territorio, propoñendo outras formas de narrar e comunicar a nosa historia; experiencias complementarias e alternativas ás ferramentas dixitais e, sobre todo, un equilibrio entre divulgación e lecer, implementando actividades paralelas como gastronomía, música etc.

Pero ademais, neste contexto de reflexión que vivimos polos grandes retos marcados desde a axenda dos obxectivos de desenvolvemento sostibles (ODS), nesta edición queremos apoiar a creatividade e a innovación nas políticas culturais relacionadas co patrimonio. As actividades dos creadores contemporáneos, que inscriben o seu traballo artístico na vida comunitaria; a importancia da dimensión simbólica das prácticas sociais e o recoñecemento de oficios e saberes tradicionais forman parte desta intersección.

Poesía e literatura, cinema, arte contemporánea, economía circular, ruralismo, cambio climático e participación social incorpóranse —ou reforzan o seu papel— en *Monumenta, andar con arte 2021* grazas á programación de actividades, conferencias, faladoiros, encontros etc. dentro dos 14 sendeiros que, desde agosto ata mediados de setembro, percorreren Galicia, coa novidade dunha primeira aproximación ao Bierzo leonés.



Os contactos culturais nos camiños marítimos

PONTEDEUME,
A CORUÑA

Venres 6 de agosto, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Xardíns de Lombardero

Como chegar: entrar en Pontedeume pola N-651. Recomendamos estacionar fronte ao Instituto de Educación Secundaria Fragas do Eume.

📖 Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Pontedeume fúndase como poboación *ex novo* en 1270 xunto a unha ponte, paso obrigado nas comunicacións terrestres norte-sur, co obxecto de completar a organización do territorio dos arceprestados de Pruzos e Bezoucos. O seu emprazamento, con limitacións de espazo na costa e de calado do porto, hipoteca o seu futuro, converténdose co paso dos séculos nun centro comarcal de servizos.

🏛️ MONUMENTA DIVULGA

A principios do século XIX, a cidade portuaria da Coruña era un enclave estratéxico no comercio europeo e transatlántico. A súa elite comercial e financeira, do mesmo xeito ca a do resto do mundo occidental, utilizou a música de cámara clásica vinda de Londres e París como símbolo de distinción social e exhibición de poder.

🎧 MONUMENTA ESCOITA

Antía Muíño, afincada en Donostia, é unha das voces máis suxestivas da nova canción galega. Aínda estamos pendentes do seu agardado primeiro disco, pero xa coñecemos varios adiantos onde, sen abandonar as raíces do folk, a artista nos deixa argumentos suficientes que auguran un futuro prometedor.

🔄 MONUMENTA CIRCULAR

Cátedra é unha revista eumesa que desde 1994 publica artigos de investigación dedicados á antropoloxía, o pensamento, a arte e a historia da comarca do Eume.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

Carolina Queipo Gutiérrez, catedrática de Etnomusicoloxía do Conservatorio Superior de Música de Navarra, especialidade de Musicoloxía.

Carlos de Castro Álvarez, historiador e escritor residente en Pontedeume. É cofundador da revista *Cátedra* e forma parte do consello asesor e científico da revista *Estudios Mindonienses*.



🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: Ruta circular de 2 km polo casco antigo.

Dificultade: baixa.

Itinerario: visitaremos o Concello de Pontedeume, a ponte, o porto, a muralla, o torreón dos Andrade, o pazo do arcebispo Bartolomé Rajoy, a Cátedra de Latinidade etc.

Observacións: andaina urbana por rúas con tráfico rodado.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.





2. «El Camino Olvidado» no Bierzo

CONGOSTO DEL BIERZO, LEÓN
Sábado 7 de agosto, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Santuario Virgen de la Peña.
Como chegar: N120 (N-VI) e A6 dirección Ponferrada. Saída 378 cara a Congosto e despois avenida Virgen de la Peña.

📖 Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

O tamén chamado Vello Camiño de Santiago e Camiño da Montaña percorría un total de 637 quilómetros desde Bilbao ata Cacabelos. Era un sendeiro moi frecuentado polos peregrinos na Idade Media, entre os séculos X e XII, que optaban por seguir a cornixa cantábrica para evitar os perigos doutros camiños.

🌳 MONUMENTA DIVULGA

Visitaremos bosques como o Zofreral de Cobrana, un dos poucos bosques monumentais que quedan intactos no Bierzo, onde descubriremos unha flora e fauna únicas mentres abordamos algúns aspectos do cambio climático co enxeñeiro Borja Jiménez Rodríguez, da empresa Miel del Camino de Santiago.

🎵 MONUMENTA ESCOITA

Leticia Rey é outra das grandes novidades dunha escena musical que continúa a sumar talento feminino á lista cada vez máis creativa e diversa da nosa música. Esta compositora nova, estudante de Vila de Cruces, aposta polo folk de estilo «americana».

🔄 MONUMENTA CIRCULAR

Miel del Camino de Santiago é o proxecto de dous emprendedores rurais. A súa actividade principal é a

producción de mel cru onde os procesos produtivos seguen todas as características propias dun produto puro e sen alteracións.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

Borja Jiménez Rodríguez, apicultor e enxeñeiro técnico forestal.

Olga Verde, enóloga e presidenta de Bierzo Enoturismo.

Asociación del Camino de Santiago Olvidado.

🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: 6 km.

Dificultade: baixa

Itinerario: percorrido circular por unha parte da senda de terra do Camino Olvidado cunha ollada á abellariza Miel del Camino de Santiago, unha visita ao Zofredal de Cobrana e chegada á aldea de Cobrana.

Observacións: é importante avisar a organización de posibles alerxias ao pole e ás picaduras de insectos.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

***Actividades fóra do programa:** xantar no merendeiro do santuario e pola tarde visita cultural.



3. A formación dos Camiños de Santiago

○ CEBREIRO, PEDRAFITA DO CEBREIRO, LUGO

Domingo 8 de
agosto, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Aparcadoiro do Cebreiro, detrás da igrexa de Santa María a Real do Cebreiro. **Como chegar:** A6, saída 432 Pedrafita do Cebreiro e despois LU-633.

📖 Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Visitaremos a igrexa de Santa María do Cebreiro, o templo máis antigo do Camiño e o mellor conservado desde as súas orixes no século IX. Pasearemos polas pallozas, vestixios da arquitectura prerromana. E no fermoso núcleo histórico do Cebreiro, falaremos do hospital de San Xiraldo de Aurillac.

🗺️ MONUMENTA DIVULGA

Realizaremos un pequeno tramo do Camiño Francés na entrada a Galicia e aprenderemos como é o relevo de Galicia e por que está condicionado pola xeoloxía, os tipos de roca, as fallas etc. Estas características físicas definiron o trazado do Camiño nunha rexión dunha orografía tan complexa coma a nosa.

🗣️ MONUMENTA ESCOITA

Xosé Lois G. Faílde é licenciado en Historia da Arte. A súa actividade abrangue distintos ámbitos: a práctica fotográfica, a escritura e o ensino. Como docente, tenta introducir nas súas aulas procedementos didácticos vinculados a procesos fotográficos ou artísticos relacionados coa cultura visual.

🔄 MONUMENTA CIRCULAR

O queixo do Cebreiro ten forma de fungo e está elaborado sen ningún aditivo nin conservante. O leite utilizado é o do gando vacún saneado das razas rubia galega, pardo alpina e frisoa, criadas na zona.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

Eduardo González Clavijo, xeólogo coautor do Proxecto Silxe (inventario de lugares de interese xeolóxico do Canón do Sil), especialista na xeoloxía da Ribeira Sacra.

María Abuín Fernández, guía e cofundadora da empresa Máis que Románico, especializada en andainas pola Ribeira Sacra.

🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: 6 km; regreso en autobús.

Dificultade: baixa.

Itinerario: a primeira parada será no miradoiro coñecido como «entrada a Galicia». Desde alí, camiñaremos ata a parroquia de Liñares. Xa no autobús, antes de regresarmos ao punto de encontro, visitaremos o alto de San Roque.

Observacións: os camiños están en zona montañosa con pendentes suaves e prolongadas.

Transporte de volta: 5 euros.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.





4. As bágoas de San Lourenzo desde o Cabo do Mundo

O CASTRO,
O SAVAÍNAO, LUGO

Xoves 12 de agosto, 19:00

9 PUNTO DE ENCONTRO

Igrexa de San Lourenzo de Fión. **Como chegar:** circulando pola CG-2.1 ou LU-533, tomar a saída de Escairón e desde alí saír cara ao sur por LU-P-4102.

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Durante séculos, a Vía Láctea foi interpretada como unha especie de «camiño celestial» cara a Occidente. A súa representación no ceo acompañaba o peregrino, coma un mapa pintado no firmamento polo propio apóstolo Santiago.

7 MONUMENTA DIVULGA

Actividade especial, que comezará durante a tarde, percorrendo a paisaxe da Ribeira Sacra desde a igrexa de San Lourenzo de Fión para, a continuación, visitar a aldea do Castro, onde agardaremos a chegada da noite falando de estrelas e ciencia ficción.

4 MONUMENTA ESCOITA

Buzz presenta Po de Estrelas: Buzz é a proposta do artista sonoro Mateo Mena e o compositor Ramón Souto. Na Grecia clásica, o universo xa se consideraba un gran instrumento musical en permanente resonancia. Os poderosos sistemas de medición da NASA foron capaces de comprobar que os corpos celestes emiten sons harmónicos.

Carolina Sánchez Sanz desenvolve proxectos de recuperación de sistemas tradicionais de construción como a terra crúa e de aplicación de revestimentos tradicionais.

8 MONUMENTA CIRCULAR

Nas paisaxes humanizadas da área da Ribeira Sacra, e arredor dos Camiños de Santiago ao seu paso por ela, as decoracións feitas con cal son unha das formas de ornamentación máis salientables: son os chamados encintados, moitas veces verdadeiros esgrafiados.

8 MONUMENTA ARQUIVO

Faladoiro especial para divulgar algunhas das obras que, desde a música, o cine, o cómic, a literatura etc., se inspiraron na astronomía. Presentarán o comisario de cine **Javier Trigales** e o coordinador de Monumenta **Julio Gómez**.

8 A ANDAINA

Hora de saída: 19:00

Hora de regreso estimada: 2:00

Distancia: 6 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: camiñaremos de Fión ata O Cerdeiro polo Camiño de Santiago de Inverno. Despois, tomaremos o desvío a Mourelas e desde alí chegaremos á aldea do Castro. A volta será en autobús.

Observacións: é unha xornada que transcorrerá pola tarde e pola noite. Estará dividida en dúas partes, unha diúrna dedicada á paisaxe da Ribeira Sacra e outra nocturna para coñecermos o papel da Vía Láctea no Camiño de Santiago.

Actividade e transporte de volta: 10 euros.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

Consideración especial: polo horario e a contorna, este Monumenta será unha actividade diferente.

Haberá comida e bebida na aldea do Castro mentres agardamos polas Perseidas.





5. Arqueoloxía na Vía da Prata: o castelo de Lobarzán

AS CHÁS, OÍMBRA, OURENSE

Sábado 14 de agosto, 18:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Saída desde a igrexa parroquial das Chás. **Como chegar:** A52, saída 160 Oímbra. Despois tomar OU-1011 a Oímbra e, a continuación, ir pola OU-1013 e a estrada local das Chás-Oímbra.

📖 Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A Ceadá das Chás/castelo de Lobarzán é un conxunto arqueolóxico e natural localizado entre os núcleos de poboación das Chás, O Rosal (Oímbra, Ourense) e Vilaza (Monterrei, Ourense), nunha zona limítrofe que abrangue os outeiros do Mazairo, da Ceadá e do Castelo.

📌 MONUMENTA DIVULGA

Atopámonos cun poboado fortificado en altura cuxa excepcionalidade radica nunha ocupación prolongada no tempo, con evidencias que van desde a prehistoria ata a Idade Media. É un lugar privilexiado no referente ás súas condicións defensivas e ao seu amplísimo dominio visual da contorna.

🗣️ MONUMENTA ESCOITA

Ángel Cerviño: escritor, artista plástico e comisario de exposicións.

🔄 MONUMENTA CIRCULAR

Pemento de Oímbra: o pemento de Oímbra ten unha forma redondeada e regular. De pel lisa e brillante e cor verde clara con tonalidades case amarelas, caracterízase por un sabor doce.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

Beatriz Comendador Rey e Víctor Rodríguez Muñiz, arqueólogos e directores do Proxecto Lobarzán, Universidade de Vigo.

Lucía Rodríguez Álvarez, investigadora da Universidade de Vigo, no programa de Protección do Patrimonio Cultural, que realiza a súa tese doutoral sobre a Prehistoria no Alto Támega transfronteirizo.

🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 18:00

Hora de regreso estimada: 22:00

Distancia: 6 km


Dificultade: media.

Itinerario: percorrido polos puntos de interese do conxunto arqueolóxico e natural da Ceadá das Chás/castelo de Lobarzán.

Observacións: andaina de ida e volta por sendeiros e camiños con desniveis e relevo irregular.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: apta para todos os públicos, pero, ao ser unha ruta de monte, recoméndase unha certa preparación física.



Os camiños da minaría aurífera en Galicia

RIBAS DE SIL,
LUGO

Domingo 15 de agosto, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Casa do Concello de Ribas de Sil. **Como chegar:** pola N-120, estrada Logroño-Vigo, saída LU-933.

📖 Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A partir do século I d. C., o Imperio romano levou a cabo unha intensa actividade mineira centrada principalmente na extracción do ouro. A técnica empregada na zona, hoxe pertencente ao concello de Ribas de Sil, caracterízase polo movemento de grandes cantidades de terra aproveitando a forza hidráulica do río Sil.

🏛️ MONUMENTA DIVULGA

A ruta está orientada ao coñecemento dos procesos de cambio sufridos polas sociedades da Idade de Ferro en Galicia, coa chegada dos romanos, os motivos xeolóxicos da minaría aurífera romana e os seus sistemas de explotación. Farase tamén unha introdución ao xeparque mundial da Unesco Montañas do Courel.

🎙️ MONUMENTA ESCOITA

Miguel Ángel Curiel é poeta e ensaísta. De familia extremeña, naceu en Alemaña e actualmente reside en Lugo. É autor de libros como *El agua*, *Luminarias* e *Astillas*, entre unha extensa produción literaria.

🔄 MONUMENTA CIRCULAR

Cata de aceites de oliva: o sur da provincia de Lugo, na Ribeira Sacra, é unha das zonas de Galicia cunha maior tradición na produción de aceite de oliva en todo o país.

🌟 CAMIÑANTES CONVIDADOS

Iván A. Álvarez Merayo, arqueólogo, técnico deportivo de montaña e

escalada e membro do comité científico do xeparque mundial da Unesco Montañas do Courel.

Guillermo Díaz Aira, biólogo, técnico deportivo de media montaña e guía de turismo científico.

🧑‍🌾 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: ruta circular de 5 km cun desnivel positivo de 265 m.

Dificultade: baixa.

Itinerario: no transcurso do percorrido, veremos e interpretaremos tres explotacións auríferas romanas e un túnel romano para o aproveitamento do cuarzo aurífero, e falaremos sobre a xeoloxía da zona.

Observacións: toda a ruta desenvolverase por pista forestal, sen zonas expostas nin de excesiva pendente. O único tramo de subida continuada superarase na primeira hora.

Transporte: 5 euros.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: apta para todos os públicos, pero, ao ser unha ruta de monte, recoméndase unha certa preparación física.





7. Cea, a vila do bo pan

SAN CRISTOVO DE CEA,
OURENSE

Sábado 21 de agosto, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Praza Maior de San Cristovo de Cea. **Como chegar:** pola AG-53, tomar a saída 73 e a continuación a OU-504. Outra vía alternativa é a N-525, Ourense-Santiago.

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Nesta localidade elabórase desde tempos moi remotos un pan dunha excepcional calidade que lle permitiu lograr unha gran notoriedade e transcender fronteiras máis alá da súa comarca. Esta industria representa unha parte importantísima da economía local.

🏛️ MONUMENTA DIVULGA

Coñeceremos como e onde se elabora o pan de Cea. Visitaremos o patrimonio monumental e natural de San Cristovo de Cea e percorrерemos un pequeno tramo dun sendeiro circular que coincide co antigo Camiño Real ao mosteiro de Oseira.

🔄 MONUMENTA CIRCULAR

O pan é o gran símbolo de Cea, pero neste concello tamén hai unha nova xeración de emprendedores que apostan por outras actividades económicas. Ao final da andaina, compartiremos un faladoiro onde analizaremos algunhas reflexións sobre cidadanía e ruralidade.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

Ruben Araúxo, guía oficial de turismo de Galicia e guía do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

Carlos Manuel Rodríguez, presidente da IXP, indicación xeográfica protexida Pan de Cea.

🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: 4 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: na primeira parte coñeceremos a historia de Cea, visitaremos un forno e falaremos do seu coñecido pan. Despois camiñaremos por unha ruta circular do famoso Camiño Real e, para rematar, realizaremos unha xornada divulgativa sobre emprendemento no rural.

Observacións: é importante avisar a organización de posibles alerxias ao pole e ás picaduras de insectos.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.





Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

A parroquia de Berdoias atesoura un fermoso e rico patrimonio. Nel destacan as eiras, espazos arquitectónicos complementarios das casavivenda rurais onde se mallaba o trigo, o centeo, a avea etc., e que tamén operaban como centros sociais dinamizadores da vila a modo de ágora ou praza da aldea. Hai censadas na parroquia de Berdoias unhas 36 eiras, un museo etnográfico excepcional ao aire libre.

🚶 MONUMENTA DIVULGA

As mulleres peregrinaron a Santiago de Compostela desde o mesmo século IX, cando se descubriu a tumba do apóstolo Santiago. Nesta andaina, falaremos dos preparativos, as problemáticas ou situacións concretas ao longo do percorrido e os tipos de peregrinación máis frecuentes, con especial atención á peregrinación *post mortem*.

🎧 MONUMENTA ESCOITA

Caldo é un dos proxectos máis frescos do novo folk galego. Melodías tradicionais integradas en novos contextos sonoros. Veñen de recibir o premio Martín Códax da Música 2020 na categoría de folk e o premio Fran Pérez «Narf» 2020 da Deputación da Coruña.



Peregrinas a Santiago de Compostela

BERDOIAS, VIMIANZO, A CORUÑA

Domingo 22 de agosto, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Igrexa de San Pedro de Berdoias
Como chegar: saíndo do centro de Vimianzo, coller pola AC-552.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

Paula Cadaveira, profesora de educación secundaria e investigadora nas peregrinacións e viaxes baixomedievais.

Manuel Rial, guía oficial de turismo e profesional da comunicación patrimonial.

Asociación Parroquial de Berdoias.

🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: 4 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: andaina circular. Desde a igrexa de Berdoias, coñeceremos o rico patrimonio etnográfico local, o dolmen de Freáns e os petróglifos do Pedrouzo.

Observacións: camiñaremos por sendeiros e camiños de terra con pendente suave e algún tramo por estradas con circulación de vehículos.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.





9. A paisaxe litoral na punta de Corrubedo

CORRUBEDO, RIBEIRA, A CORUÑA
Sábado 28 de agosto, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Estacionamento do faro de Corrubedo. **Como chegar:** entrar en Corrubedo pola AC-303 e ir ata o final da estrada.

🔍 Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Cofñeceremos o punto máis occidental da península do Barbanza, unha zona rochosa de pequenos cantís, agras costeiras e vexetación incluída no Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo.

📖 MONUMENTA DIVULGA

Presentaremos A Orixe, unha ruta a pé que segue os pasos da *translatio* desde a Barbanza a Santiago de Compostela. E faremos unha investigación sobre a paisaxe sonora da costa, analizando as fermosísimas construcións en pedra seca espalladas polo cabo.

🎧 MONUMENTA ESCOITA

Abellón é un proxecto artístico e educativo que convida a unha reflexión vinculando tres mundos aparentemente non conectados: o biolóxico, a partir da figura das abellas; o social, desde os rituais de tránsito e morte e o sentido de comunidade; e o artístico, centrado na acústica, nas paisaxes sonoras e no audiovisual.

📁 MONUMENTA ARQUIVO

Colaboración con **Sonen**, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, unha empresa de enxeñaría dedicada ao estudo técnico no campo da acústica.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

Ana Isabel Filgueiras Rei, arqueóloga en Boqueixón e na oficina de rehabilitación do casco histórico de Noia, profesora e titora da UNED en Vigo.

Iria Sobrino, arquitecta, paisaxista, experta en galpóns de Galicia e investigadora da paisaxe industrial.

Francisco Sánchez Fraga, escritor, investigador e divulgador do patrimonio de Corrubedo.

🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: 3 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: circular, percorrendo as agras costeiras da punta de Corrubedo, zona de interese paisaxístico e natural.

Observacións: hai que manterse afastado dos acantilados.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.



10. Cultos, ritos e lendas dos penedos galegos

.....
**PONTEAREAS,
PONTEVEDRA**
Domingo 29 de
agosto, 10:00
.....

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Casa Cultural de Arcos.
Como chegar: pola N-120,
Vigo-Ourense, tomar a saída
na parroquia de Arcos.

🔍 Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

Os penedos, esas grandes
esculturas graníticas
erosionadas durante milleiros
de anos pola acción da natureza,
son un dos maiores tesouros
do noso patrimonio natural
e inmaterial. Detrás destes
monumentos hai historias,
cultos, ritos, usos etc.
gravados nos topónimos.
Un segredo a voces que,
grazas ao excepcional
traballo de investigadores
e asociacións, está
a saír á luz.

📌 MONUMENTA DIVULGA

No monte da Picaraña,
entre a capela da Santa
Cruz (1907) e o outeiro, hai
un viacrucis. Moitos destes
lugares teñen unha cronoloxía
moi antiga como espazos de
culto que, noutras partes de
Galicia chegan a remontarse
ata a época precristiá.

🎧 MONUMENTA ESCOITA

Carlos Suarez é artista sonoro,
etnomusicólogo, deseñador
de instrumentos e o mellor
compositor de paisaxes
sonoras de Galicia. Teremos
a oportunidade de escoitar e
coñecer o seu máis recente
traballo, *Bioloxías do numinoso*.

🏛️ MONUMENTA ARQUIVO

Colaboración con **Sonen**,
Centro de Acústica e Servizos
de Telecomunicacións,
unha empresa de enxeñería
dedicada ao estudo técnico
no campo da acústica.

🌟 CAMIÑANTES CONVIDADOS

Xavier Groba González,
profesor de música no IES
de Baiona e investigador,
especialista no estudo
da música galega.

👤 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

**Hora de regreso
estimada:** 14:00

Distancia: 4 km

Dificultade: baixa

Itinerario: desde o punto de
encontro subiremos en autobús
ata as proximidades do cumio
da Picaraña. Unha vez alí,
descenderemos camiñando por
pistas forestais e sendeiros.

Observacións: camiñaremos
por zonas de tránsito tanto de
vehículos coma de ciclistas. É
moi importante permanecer
sempre dentro do grupo.

Transporte de ida: 5 euros.

Necesidades específicas:
calzado cómodo, protector
solar, chapeu, impermeable (por
se chove), auga e un petisco.

Público destinatario:
actividade axeitada para
todos os públicos.





II. O Camiño Miñoto Ribeiro

PAZOS DE ARENTEIRO, BOBORÁS, OURENSE

Sábado 4 de setembro, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Igrexa de San Salvador de Pazos de Arenteiro. **Como chegar:** desde o Concello de Leiro tomar a OU-0414. Hai que estacionar antes de chegar ao casco histórico.

🔍 Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

O Camiño Miñoto Ribeiro é un dos camiños máis antigos que enlazaban o norte de Portugal coa cidade de Santiago. Segue transcorrendo na maior parte do seu trazado a través daqueles mesmos carreiros, calzadas romanas e camiños medievais.

🏛️ MONUMENTA DIVULGA

Pazos de Arenteiro alcanzou o seu máximo esplendor na última etapa da Idade Media, cando a nobreza do viño se instalou na vila. Como lembranza da riqueza xerada polo viño do Ribeiro —que se exportaba ás illas británicas pola súa enorme calidade— son numerosas as casas brasonadas que compoñen o conxunto histórico da vila.

🗣️ MONUMENTA ESCOITA

Luis Gil Pita é arquitecto graduado pola ETSA en 1997. Desde o inicio da súa carreira publicou asiduamente artigos e participou como editor en diferentes publicacións arredor da arquitectura.

🔄 MONUMENTA CIRCULAR

En Pazos de Arenteiro, terra de arrieiros, faremos unha pequena cata de introdución aos caldos do Ribeiro.

Repasaremos a dimensión histórica do viño do Ribeiro, o clima, a xeoloxía, as variedades de vides autóctonas e as diferenzas entre as tres subzonas, cos vales do Miño, o Avia e o Arnoia.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

María Abuín Fernández, guía e cofundadora da empresa Máis que Románico, especializada en andainas pola Ribeira Sacra.

Jorge Vila, director de Galicia Wine Academy e formador homologado do WSET (Wine & Spirits Education Trust).

Asociación Camiño Miñoto Ribeiro, creada no ano 2014 para recuperar, divulgar e lograr a oficialidade do Camiño Miñoto Ribeiro a Santiago de Compostela.



🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: 4 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: pasearemos por Pazos de Arenteiro falando de xeografía, natureza, etnografía e historia, e visitaremos a igrexa de San Salvador e o patio do pazo da Encomenda.

Observacións: camiños con suaves pendentes.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

⚠️ **Consideración especial:** a cata ten un custe de 5 euros por persoa.





12. Os bosques sagrados de Galicia

O CORGO, LUGO
Domingo 5
de setembro, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Estacionamento exterior antes da casa rural. **Como chegar:** pola CG-2.2 de Monforte a Lugo, tomar a saída 10 dirección Lousada durante 5 km pola CP16-11 e coller o desvío pola LU-P-2904.

🔍 Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

O bosque da Fervenza forma parte dun ecosistema que se estende ao longo da ribeira do río Miño e que conta coa figura de protección de Reserva da Biosfera. Trátase dun dos máis importantes bosques de inundación que quedan na península ibérica, con bosques primarios de ameneiros, carballos, freixos e sabugueiros.

📖 MONUMENTA DIVULGA

Introducirse no bosque da fervenza é viaxar nunha máquina do tempo onde as árbores centenarias, as ruínas vexetais e a paisaxe sonora ilustran un relato co que deixarse levar polas lendas e os mitos de Galicia.

🔊 MONUMENTA ESCOITA

Genaro da Silva, enxeñeiro forestal e biólogo de profesión, é poeta e editor da revista e da páxina tr3sreinos.com, ademais de coordinar o Encontro de Poesía Arraiano.

📄 MONUMENTA ARQUIVO

Colaboración con **Sonen**, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, unha empresa de enxeñaría dedicada ao estudo técnico no campo da acústica.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

Gaspar Bernárdez, enxeñeiro forestal e paisaxista. Colabora co Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.

Antonio Reigosa Carreiras, responsable de comunicación e xestión cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo e coordinador da enciclopedia virtual Galicia Encantada. <http://www.galiciaencantada.com>

🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso

estimada: 14:00

Distancia: 2 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: sairemos do estacionamento e camiñaremos á beira do río Miño.

Observacións: debemos respectar a vexetación tal e como está, ocupando só os sendeiros e os camiños abertos.

Necesidades específicas:

calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.





3. A Vía Mariana luso-galaica

CERDEDO-COTOBADA,
PONTEVEDRA

Sábado 11 de
setembro, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Casa do Concello de Cerdedo-Cotobade. **Como chegar:** N-541, Pontevedra-Carballiño ou, desde Lalín, estrada PO-534.

Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

O Concello de Cerdedo-Cotobade forma parte das comarcas de Pontevedra e Tabeirós-Terra de Montes. É unha área de transición cara ao interior, a cabalo entre as terras do litoral pontevedrés e a comarca do Deza. É tamén o berce de grandes canteiros, que percorrían España rebaixando a pedra e que se coñecían coa denominación popular de «barricos».

🚶 MONUMENTA DIVULGA

A Vía Mariana son 372 quilómetros entre Braga e Muxía. É unha iniciativa social desde o traballo colectivo de asociacións e organizacións do norte de Portugal e Galicia, co obxectivo de recuperar aqueles camiños de peregrinación entre santuarios.

🗣️ MONUMENTA ESCOITA

Francisco Layna Ranz é profesor en varias universidades norteamericanas. Ten unha dilatada experiencia na crítica académica, varios libros sobre literatura medieval, a obra de Miguel de Cervantes e o Século de Ouro. Publicou catro libros de poesía e os seus poemas foron traducidos a varios idiomas.

Donas. Trátase dun *ensemble*, inspirado no mito das damas de Ferrara, que interpreta música instrumental de mulleres compositoras dos séculos

XVII e XVIII. O Concerto delle Donne foi un grupo profesional de cantantes femininas baixo a protección da corte de Ferrara no século XVI. Daban concertos formais para membros do reducido círculo da corte a modo de música secreta.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

Jesús Díaz, restaurador e conservador titulado de Bens Culturais e guía oficial de Galicia.

Asociación Vía Mariana Luso-Galaica.

🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: 4,5 km

Dificultade: baixa

Itinerario: percorrido circular polo patrimonio material e natural de Cerdedo-Cotobade.

Observacións: andaina circular por sendeiros, camiños e estradas con tránsito de vehículos.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.





Q Á DESCUBERTA DO PATRIMONIO

O mosteiro de Carboeiro constitúe un dos monumentos máis característicos da arte medieval galega, influenciado polas manifestacións artísticas compostelás. Está situado nun espazo de alto valor paisaxístico onde se atopan ata 22 especies de vexetación e flora.

🚩 MONUMENTA DIVULGA

Viaxaremos ao Kumano Kodo, as rutas de peregrinación que os xaponeses levan percorrendo durante séculos polos montes Kii. Teñen moitas cousas en común co Camiño de Santiago, a comezar por seren dúas rutas de peregrinación declaradas Patrimonio da Humanidade.

🗣️ MONUMENTA ESCOITA

Luz Pichel, filóloga, catedrática de lingua e literatura española e poeta, autora de libros como *Casa pechada*, *Cativa en su lugar*, *Tra(n)shumancias* e *CO CO CO U*, un poemario escrito na variante dialectal da súa aldea.

🎬 MONUMENTA ARQUIVO

Clase de cinema xaponés comisariada por Javier Trigales. «Sendeiros de imaxes» é unha sesión onde se proxectarán fragmentos de diversas obras audiovisuais, tanto narrativas como experimentais, de cineastas xaponeses.

14. Desde Carboeiro ao Kumano Kodo en Xapón

SILLEDA, PONTEVEDRA

Domingo 12 de setembro, 10:00

📍 PUNTO DE ENCONTRO

Estacionamento do mosteiro. **Como chegar:** desde o centro de Silleda, tomar durante 7,5 km a PO-211 e a PO-6502. Despois, coller o desvío ao mosteiro de Carboeiro e aparcar no final da estrada.

☆ CAMIÑANTES CONVIDADOS

María Abuín Fernández, guía e cofundadora da empresa Máis que Románico, especializada en andainas pola Ribeira Sacra.

Gaspar Bernárdez, enxeñeiro forestal e paisaxista. Colabora co Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.

Masako Hattori, performer e artista, licenciada en Artes Plásticas pola Universidade de Kioto e licenciada na Escola Superior de Arte de Aix-en-Provence.

🚶 A ANDAINA

Hora de saída: 10:00

Hora de regreso estimada: 14:00

Distancia: 1 km.

Dificultade: baixa.

Itinerario: circular, percorreremos a senda botánica do mosteiro.

Observacións: é importante avisar a organización de posibles alerxias ao pole e ás picaduras de insectos.

Necesidades específicas: calzado cómodo, protector solar, chapeu, impermeable (por se chove), auga e un petisco.

Público destinatario: actividade axeitada para todos os públicos.

⚠️ **Actividades fóra do programa:** despois da andaina, gozaremos dun xantar en comunidade como peche desta edición 2021.



 Xacobeo 21-22

galicia

 XUNTA
DE GALICIA